




Protocolo

Protocolo de prevención e acción
frente o acoso sexual e o acoso por razón de sexo

Documento en lectura fácil



Que é este documento?

O título deste documento é

Protocolo de prevención e acción

fronte o acoso sexual e o acoso por razón de sexo
na Universidade de Vigo.

Este protocolo é un documento que explica as accións que vai facer a Universidade de Vigo para eliminar e solucionar situacións de acoso sexual e acoso por razón de sexo na súa universidade.

- O acoso sexual sucede cando unha persoa fai dano a outra persoa con palabras, xestos ou comportamentos sexuais. Por exemplo, unha persoa tócalle o cu a outra persoa sen permiso.

O acoso sexual tamén sucede cando a persoa quere facer dano con estes comportamentos pero non o consegue.

- O acoso por razón de sexo sucede cando unha persoa fai dano a outra persoa por ser muller ou por ser home. Por exemplo, unha persoa chámalle nenaza a un home porque está varrendo o chan.

O acoso por razón de sexo tamén sucede cando a persoa quere facer dano a outra persoa por ser muller ou home pero non o consegue.

Este protocolo forma parte do Plan de Igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo.

O Plan de Igualdade é un documento que recolle as accións que realiza a Universidade de Vigo para conseguir que as mulleres e os homes teñan os mesmos dereitos e oportunidades na universidade.

O primeiro **Protocolo de prevención e acción fronte o acoso sexual e o acoso por razón de sexo na Universidade de Vigo** é do ano 2014.

Este documento é un Protocolo novo. O novo Protocolo foi aprobado polo goberno da Universidade de Vigo o día 26 de maio do ano 2025.

A Universidade de Vigo fixo este Protocolo novo para mellorar a atención ás persoas vítimas de acoso e para mellorar a formación que reciben as persoas da Universidade de Vigo sobre o acoso.

A Universidade de Vigo tamén fixo este Protocolo novo porque a administración publicou novas leis que explican como solucionar mellor as situacións de acoso.

A Universidade de Vigo defende que as persoas da universidade deben respectar a todo o mundo. Tamén defende os dereitos de todas as persoas da universidade e non acepta comportamentos de acoso.

**O Protocolo de prevención e acción
fronte o acoso sexual e o acoso por razón de sexo
na Universidade de Vigo**

cumpre as seguintes leis.

- A lei 3/2007 sobre a igualdade de mulleres e homes.
- A lei 2/2023 sobre o sistema universitario.
- A lei de prevención de riscos laborais.

Este protocolo está escrito en lectura fácil.

A lectura fácil é unha forma de crear documentos
máis fáciles de entender

para persoas con dificultades de comprensión lectora.

Cal é o obxectivo deste protocolo?

A Universidade de Vigo quere conseguir con este protocolo que non existan situacións de acoso sexual e acoso por razón de sexo na universidade.

Tamén quere informar, asesorar e formar sobre acoso sexual e acoso por razón de sexo a todas as persoas que forman parte da Universidade de Vigo.

A Universidade de Vigo vai protexer ás vítimas para que non teñan problemas por denunciar unha situación de acoso sexual ou acoso por razón de sexo.

Por exemplo, a Universidade de Vigo pode separar á persoa vítima da persoa denunciada de acoso para que a persoa denunciada non faga dano á vítima.

A Universidade revisará se protexe ben ás vítimas de acoso.

A Universidade de Vigo respecta os dereitos e a intimidade das persoas que denuncian unha situación de acoso sexual ou por razón de sexo e das persoas denunciadas.

A Universidade de Vigo considera que unha persoa denunciada por acoso é inocente ata que se demostre que é culpable.

A Universidade de Vigo responderá a cada denuncia dunha situación de acoso sexual ou por razón de sexo coas accións máis adecuadas.

A que persoas afecta este protocolo?

Este protocolo protexe
contra o acoso sexual e o acoso por razón de sexo
as persoas que forman parte da Universidade de Vigo.

As persoas que forman parte da Universidade de Vigo
deben cumprir as normas que recolle o protocolo.

As persoas que forman parte da Universidade de Vigo son:

- Persoal docente e investigador da Universidade de Vigo
O persoal docente e investigador
son as profesoras e profesores da Universidade de Vigo
e as persoas investigadoras.
- Persoal técnico de xestión e administración e servizo
da Universidade de Vigo.
Este persoal encárgase por exemplo,
da organización económica da Universidade,
da informática da Universidade
ou da organización do persoal da Universidade.
- As estudantes e os estudantes de Universidade de Vigo.
- Outras persoas que traballan para a Universidade de Vigo.

A Universidade de Vigo
pon en marcha as accións deste protocolo
cando a persoa vítima de acoso ou a persoa denunciada de acoso
forman parte da Universidade de Vigo.

As persoas que xa non están na Universidade de Vigo teñen 6 meses desde o día que a relación coa universidade desaparece para denunciar unha situación de acoso.

Por exemplo, un estudante que xa non está na Universidade de Vigo porque rematou de estudar no mes de xuño pode presentar unha denuncia de acoso na Universidade de Vigo ata o mes de decembro dese mesmo ano. Despois do mes de decembro o estudante xa non pode presentar unha denuncia de acoso na Universidade de Vigo.

Na Universidade de Vigo tamén hai persoas que traballan para empresas contratadas pola universidade. Por exemplo, a Universidade de Vigo pode contratar a unha empresa de limpeza. Neste caso, as traballadoras e traballadores da empresa de limpeza fan as súas tarefas na Universidade de Vigo.

A Universidade de Vigo non pon en marcha as accións deste protocolo cando existe unha situación de acoso entre persoas de empresas que contratou a Universidade. A empresa na que traballan as persoas é a responsable de solucionar esta situación de acoso.

A Universidade de Vigo si pon en marcha as accións deste protocolo cando unha das persoas da situación de acoso forma parte da Universidade de Vigo e a outra persoa traballa para unha empresa que contratou a Universidade.

A que lugares afecta este protocolo?

As persoas poden denunciar unha situación do acoso sexual ou de acoso por razón de sexo cando sucede nos seguintes lugares:

- Nos 3 campus da Universidade de Vigo.
Os campus da Universidade de Vigo son:
 - Campus de Vigo.
 - Campus de Pontevedra.
 - Campus de Ourense.
- Nos centros que pertencen a Universidade de Vigo.
- Nos centros de investigación da Universidade de Vigo que non están nos campus.
- Nas páxinas web e servizos electrónicos de Universidade de Vigo.
- Nos organismos públicos ou privados nos que fan prácticas os alumnos e alumnas da Universidade de Vigo.
- En actividades que organiza a Universidade de Vigo fóra dos espazos da Universidade de Vigo.

Unha persoa ten un prazo de 3 anos para denunciar unha situación de acoso sexual ou por razón de sexo dende o día que sucede a situación de acoso.

Por exemplo,
unha profesora pode denunciar unha situación de acoso sexual que pasou fai 2 anos na Universidade de Vigo.
Pero si pasaron mais de 3 anos dende a situación de acoso xa non pode poñer unha denuncia na Universidade de Vigo.

Compromisos da Universidade de Vigo sobre este protocolo

A Universidade de Vigo comprométese a loitar contra o acoso sexual e o acoso por razón de sexo seguindo estas normas:

- A Universidade de Vigo non acepta a violencia sexual, o acoso sexual nin o acoso por razón de sexo.
A Universidade de Vigo non acepta na universidade comportamentos que lles fan dano ás persoas ou que lles producen medo ás persoas.
- A Universidade de Vigo defende que todas as persoas deben ser respectadas e ninguén debe facerlles dano.
- A Universidade de Vigo defende que as mulleres e os homes teñen os mesmos dereitos e non acepta comportamentos que apoian que as mulleres e os homes teñen diferentes dereitos.
- A Universidade de Vigo vai a facer accións de prevención de situacións de acoso sexual ou por razón de sexo.
Isto significa, que vai a facer accións para que as situacións de acoso sexual e por razón de sexo non pasen na universidade.
- A Universidade de Vigo vai formar sobre igualdade, acoso sexual e acoso por razón de sexo a todas as persoas que forman parte da Universidade de Vigo.

- A Universidade de Vigo vai a solucionar as situacións de acoso sexual ou acoso por razón de sexo no menor tempo posible.
- Todas as persoas que participan na solución das situacións de acoso sexual ou acoso por razón de sexo deben gardar segredo sobre toda a información e accións que realizan.

A Universidade de Vigo respecta a intimidade e os datos de todas as persoas implicadas nunha situación de acoso sexual.

- A Universidade de Vigo vai a atender ás vítimas directas e indirectas dunha situación de acoso sexual ou acoso por razón de sexo de forma individual.
Isto significa, que o protocolo vai ter en conta a situación e as necesidades de cada vítima.

Unha vítima directa é a persoa que recibe o acoso.

As vítimas indirectas son as persoas que están cerca da vítima na Universidade de Vigo.

Por exemplo, os compañeiros e compañeiras de clase dunha vítima.

- A Universidade de Vigo informará de forma clara e fácil ás persoas vítimas de acoso sexual ou por razón de sexo.
- A Universidade de Vigo dará confianza ás persoas que denuncian unha situación de acoso sexual ou por razón de sexo.
As persoas vítimas van a ter todo o tempo que necesitan para explicar a súa situación.

- A Universidade de Vigo solucionará as situacións de acoso sexual ou por razón de sexo o máis rápido posible e da mellor forma posible.
- A Universidade de Vigo comprométese a que a persoa vítima dunha situación de acoso volva á súa vida na universidade igual que antes de sufrir esta situación.
- A Universidade de Vigo comprométese a conseguir que as persoas que presentan unha denuncia e as testemuñas non teñan problemas por informar dunha situación de acoso.

Unha testemuña

é unha persoa que está presente nunha situación de acoso, pero non é a vítima do acoso, nin a persoa denunciada por acoso.

- A vítima dun acoso sexual ou acoso por razón de sexo na Universidade de Vigo pode denunciar a situación de acoso na universidade pero tamén pode poñer unha denuncia no xulgado.

Información sobre o protocolo

A Universidade de Vigo comprométese a dar a coñecer este protocolo a todas as persoas e organizacións que lles afecta.

Este documento é o protocolo en lingua galega adaptado a lectura fácil.

As persoas poden consultar o protocolo en lingua galega en lectura fácil no seguinte enlace:

[protocolo adaptado a lectura fácil](#)

As persoas tamén poden ler o protocolo non adaptado a lectura fácil en lingua galega, en lingua castelá e lingua inglesa no seguinte enlace:

[protocolo non adaptado en galego, castelá e inglés](#)

A Universidade de Vigo colocará información sobre o protocolo en columnas de información nos diferentes centros da Universidade.

Ademais, a Universidade de Vigo enviará por correo electrónico o protocolo a todas as persoas que forman parte da Universidade de Vigo.

A Universidade de Vigo dará formación sobre o protocolo aos traballadores e traballadoras da universidade. Informará sobre o protocolo aos novos traballadoras e traballadores e as novas alumnas e alumnos da universidade.

A Universidade de Vigo tamén contrata empresas e organizacións para facer tarefas na universidade. As empresas e organizacións que contrata a Universidade de Vigo deben cumprir este protocolo.

A Universidade de Vigo recollerá nos seus contratos que as empresas e organizacións contratadas deben cumprir este protocolo.

As empresas e organizacións que non cumpran este protocolo cometen unha falta moi grave.

A Universidade de Vigo recollerá nos seus contratos que as empresas ou organizacións que non cumpran este protocolo cometen unha falta moi grave.

Prevenção das situacións de acoso sexual ou por razón de sexo

A Universidade de Vigo comprométese a realizar accións para previr situacións de acoso sexual e por razón de sexo na universidade.

Isto significa, que a Universidade vai a realizar accións para intentar que non sucedan este tipo de situacións na universidade.

A Universidade de Vigo vai realizar as seguintes accións para previr situacións de acoso sexual ou por razón de sexo na universidade:

- Accións de información sobre o acoso sexual e acoso por razón de sexo.
- Formación sobre acoso sexual e acoso por razón de sexo para todas as persoas que forman parte da Universidade de Vigo.
- Dar a coñecer o punto lila virtual.
O punto lila virtual é unha páxina web da Universidade de Vigo para recoller consultas e queixas de acoso sexual e acoso de razón de sexo que pasan na universidade.

Neste enlace podes entrar no punto lila virtual.

Para entrar no punto lila virtual tes que pulsar na imaxe do punto lila.

[Contra las violencias machistas | Universidade de Vigo](#)

A Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo é o departamento da Universidade que se encarga de conseguir que as mulleres e os homes teñan os mesmos dereitos e oportunidades na universidade.

A Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo recollerá todas as accións que realiza a Universidade de Vigo para previr situacións de acoso sexual ou de acoso por razón de sexo.

A Unidade de Igualdade fará un informe cada ano das accións que fai a Universidade de Vigo para previr estas situacións.

A Universidade de Vigo agradecerá dalgunha maneira ao persoal e os estudantes da Universidade de Vigo que dediquen tempo a formarse e loitar contra o acoso sexual e o acoso por razón de sexo.

Comisión contra o acoso sexual e o acoso por razón de sexo da Universidade de Vigo

A Comisión contra o acoso sexual e o acoso por razón de sexo é un grupo de persoas que se encarga de poñer en marcha este Protocolo. Tamén teñen a función de analizar as denuncias de acoso que se presentan e elaborar un informe para solucionar a situación de acoso.

Quen participa na Comisión contra o acoso sexual e o acoso por razón de sexo?

Nesta Comisión teñen que participar 6 persoas:

1. A directora ou director da Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo.

A directora ou director da Unidade de Igualdade será a presidenta ou presidente da Comisión.

A directora ou director da Unidade de Igualdade participa na Comisión en nome do reitor ou reitora da Universidade de Vigo.

2. Unha persoa do persoal docente e investigador.
3. Unha persoa do persoal técnico de xestión e administración e servizo.
4. Unha estudante ou un estudante.
5. Unha persoa que participa en nome da xerente ou do xerente da Universidade de Vigo. Esta persoa será o secretario ou secretaria da Comisión. A xerente ou o xerente da Universidade de Vigo dirixe ao persoal técnico de xestión e administración e servizos.

6. Unha persoa que participa
en nome da Secretaría Xeral da Universidade Vigo.

A técnica de igualdade da Universidade de Vigo
axuda a Comisión a facer as súas funcións.

A técnica de igualdade da Universidade de Vigo
traballa na Unidade de Igualdade de Vigo
coa directora da Unidade de Igualdade.

A Comisión tamén pode elixir a outra persoa para axudarlle.

As persoas participan na Comisión durante 3 anos.
Poden estar outros 3 anos como máximo.

A Comisión debe manter a paridade entre mulleres e homes.
Isto significa, que na Comisión deben participar
o mesmo número de mulleres que de homes.

A Comisión de Igualdade da Universidade de Vigo
propón ás persoas que participan
na Comisión contra o acoso sexual ou por razón de sexo.

A Comisión de Igualdade da Universidade de Vigo
é un grupo de persoas que elabora accións
para conseguir a igualdade na Universidade de Vigo.

O **Consello de Goberno da Universidade** de Vigo decide
ás persoas que participan
na Comisión contra o acoso sexual ou por razón de sexo.

O Consello de Goberno é o goberno da Universidade de Vigo.

Cal é a formación das persoas da Comisión contra o acoso sexual e acoso por razón de sexo?

A Comisión de Igualdade da Universidade de Vigo forma as persoas da Comisión contra o acoso sexual e acoso por razón de sexo, para que fagan ben as súas funcións.

Como funciona a Comisión contra o acoso sexual e o acoso por razón de sexo?

A Comisión contra o acoso sexual e o acoso por razón de sexo só pode reunirse se participan mínimo 4 persoas da Comisión.

As persoas da Comisión deben seguir as seguintes normas para tomar decisións:

- Para tomar decisións as persoas da Comisión teñen que votar.
- Para poder tomar unha decisión polo menos 4 persoas da Comisión deben votar a favor.
- As persoas da Comisión teñen que votar sempre nas decisións.
- Cada persoa debe votar por si mesma, non pode votar por outra persoa.
- As persoas da Comisión teñen que votar na reunión da Comisión, non poden votar antes.

Que persoas non poden participar na Comisión contra o acoso sexual e o acoso por razón de sexo?

Nalgúns casos, as persoas da Comisión non poden participar nas reunións da Comisión sobre unha situación de acoso:

- Unha persoa non pode participar na Comisión cando é familiar próximo da persoa vítima ou da persoa denunciada.
- Unha persoa non pode participar na Comisión cando é amigo ou amiga da persoa vítima ou da persoa denunciada.
- Unha persoa non pode participar na Comisión cando se leva mal coa persoa vítima ou coa persoa denunciada.
- Unha persoa non pode participar na Comisión cando traballa para a persoa vítima ou para a persoa denunciada ou traballou nos últimos 2 anos.
- Unha persoa non pode participar na Comisión cando é testemuña da situación de acoso.

Cales son as funcións da Comisión contra o acoso sexual e o acoso por razón de sexo?

As funcións da Comisión contra o acoso sexual e o acoso por razón de sexo son:

- Organiza accións para conseguir que non existan situacións de acoso sexual e acoso por razón de sexo na Universidade de Vigo.
- Analiza denuncias sobre situacións de acoso sexual e razón de sexo e decide se admiten a denuncia ou non.
- Recolle información sobre a situación de acoso cando admiten unha denuncia.
- Elabora un informe con toda a información sobre a situación de acoso que se denuncia. A Comisión tamén propón a solución para a situación de acoso.
- Solicita ao reitor ou reitora que poña en marcha accións para protexer a vítima cando son necesarias.
- Revisa que se cumpran as accións que recolle este Protocolo coa axuda da Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo.
- Propón cambios neste Protocolo se o ven necesario.

A Comisión contra o acoso sexual e o acoso por razón de sexo debe levar a cabo as súas funcións cumprindo as seguintes normas:

- As normas da administración para as comisións.
- As leis de España e de Galicia sobre acoso sexual e acoso por razón de sexo.
- As leis e normas de Europa sobre estes temas.
- As normas que recolle este protocolo.
- As normas que deciden as persoas da Comisión.

Quen pode presentar unha denuncia de acoso sexual ou acoso por razón de sexo?

Calquera persoa que forma parte da Universidade de Vigo ten a obrigaón de informar á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo se coñece un posible acoso sexual ou acoso por razón de sexo.

Calquera persoa que forma parte da Universidade de Vigo que considera que sofre acoso sexual o por razón de sexo pode presentar unha denuncia na Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo.

Tamén pode presentar unha denuncia unha persoa que non é vítima pero que coñece un caso que pode ser acoso sexual ou por razón de sexo. Neste caso, a Unidade de Igualdade envía unha copia de denuncia á presunta vítima para que diga se a situación é certa.

Cando todas as persoas implicadas na situación de acoso traballan para unha empresa que está contratada pola Universidade de Vigo teñen que presentar a denuncia na súa empresa. Despois, esta empresa informaralle á Universidade de Vigo. A Universidade de Vigo axudará á empresa nesta situación se o necesita.

Calquera persoa pode presentar unha denuncia por acoso sexual ou acoso por razón de sexo por escrito ou de forma verbal.

- **Denuncia por escrito:**

Unha persoa pode presentar unha denuncia por acoso sexual ou acoso por razón de sexo por escrito nos rexistros presenciais da Universidade de Vigo.

O rexistros presenciais da Universidade de Vigo son os seguintes:

Rexistro Auxiliar da Universidade de Vigo

Edificio Sede Cidade
Rúa Conde de Torrecedeira número 86
Código postal número 36208
Vigo

Rexistro do Campus de Vigo

Edificio Exeria
Praza Erasmo sen número
Código postal número 36310
Vigo
Correo electrónico: registroxeral@uvigo.gal
Teléfonos: 986 813 902 e 986 130 200
Fax : 986 813 554

Rexistro do Campus de Ourense

Edificio Administrativo
Campus As Lagoas, número 4
Código postal número 32004
Ourense
Correo electrónico: rex-our@uvigo.gal
Teléfono: 988 387 103
Fax: 988 387 190

Rexistro do Campus de Pontevedra

Escola de Enxeñaría Forestal

Campus Universitario da Xunqueira

Código postal número 36005

Pontevedra

Correo electrónico: rex-pont@uvigo.gal

Teléfono: 986 801 955

Fax: 986 802 060

Para presentar unha denuncia por escrito a persoa ten que cubrir o formulario do **Anexo I** deste protocolo, tamén ten que explicar cal é a situación de acoso e poñer o seu nome.

A persoa ten que meter os documentos nun sobre pechado, escribir no sobre Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo e presentar o sobre no Rexistro presencial da Universidade de Vigo.

Unha persoa tamén pode presentar unha denuncia por acoso sexual ou acoso por razón de sexo por escrito nun Rexistro electrónico da Universidade de Vigo.

No seguinte enlace podes consultar os pasos para presentar unha denuncia polo Rexistro electrónico da Universidade de Vigo:

[Formulario do protocolo por acoso e por razón de sexo](#)

- **Denuncia verbal:**

Unha persoa pode presentar unha denuncia por acoso sexual ou acoso por razón de sexo de forma verbal ao persoal da Unidade de Igualdade.

A dirección da Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo é:

Edificio Ernestina Otero
Campus As Lagoas,
Lugar de Marcosende
Código postal número 36310
Vigo

A directora da Unidade de Igualdade ou a técnica superior de Igualdade escribirá a acta da denuncia.

A persoa que pon a denuncia debe firmar a acta.

Procedemento ante unha denuncia de acoso sexual ou acoso por razón de sexo

Un procedemento son os pasos que debemos seguir para realizar unha actividade.

A Comisión contra o acoso sexual e o acoso por razón de sexo debe seguir o seguinte procedemento para solucionar unha denuncia de acoso sexual ou acoso por razón de sexo.

Paso 1. Análise da denuncia

A persoa presidenta da Comisión recibe a denuncia e comproba se a denuncia é unha denuncia de acoso sexual ou acoso por razón de sexo ou non.

Se a denuncia é de acoso sexual ou acoso por razón de sexo a Comisión ten que reunirse para analizar a denuncia.

A Comisión non pode tardar máis de 5 días hábiles en reunirse desde que se recibe a denuncia.

Os días hábiles son todos os días menos os sábados, os domingos e os días festivos.

Cando a persoa que presenta a denuncia non é a persoa vítima do acoso a Comisión contacta coa presunta vítima para preguntarlle se a situación de acoso é certa.

Neste caso, a Comisión debe reunirse nos primeiros 5 días hábiles desde o día que a presunta vítima di que a posible situación de acoso é certa.

A Comisión contra o acoso sexual ou acoso por razón de sexo analiza os feitos da denuncia e pode admitir a denuncia ou non.

- Cando a Comisión admite unha denuncia informa por escrito de que a denuncia está admitida ás seguintes persoas:
 - á persoa que puxo a denuncia,
 - á persoa vítima,
 - á persoa denunciada,
 - e ao reitor ou reitora da Universidade de Vigo.

- A Comisión pode non admitir a denuncia porque a denuncia non é de acoso sexual ou acoso por razón de sexo. A Comisión ten que explicar por escrito porque non admite a denuncia ás seguintes persoas:
 - á persoa que puxo a denuncia.
 - á persoa vítima.

Paso 2. Recollida da información sobre a situación de acoso

Unha das persoas da Comisión contra o acoso sexual e o acoso por razón de sexo coa axuda do secretario ou secretaria da Comisión recolle toda a información sobre a situación de acoso.

Recoller toda a información sobre a situación de acoso é unha tarefa que se chama instrución.

Para cada denuncia a Comisión decide a persoa que fai a instrución.

A persoa que fai a instrución do acoso debe entrevistar sempre á persoa denunciada por acoso e á persoa vítima. As persoas implicadas poden estar acompañadas na entrevista pero teñen que avisar antes que van acompañadas.

A persoa que fai a instrución tamén pode entrevistar a testemuñas da situación de acoso.

A persoa que fai a instrución do acoso pode solicitar información ou axuda aos diferentes departamentos da Universidade de Vigo. Tamén pode pedir axuda a unha persoa profesional de fóra da Universidade se considera que é moi necesario.

A persoa que fai a instrución
ten que recoller a información con coidado
e respectando os dereitos de todas as persoas implicadas.
Ten un prazo de 20 días hábiles
desde o día que a Comisión admitiu a denuncia do acoso
para recoller toda a información sobre a situación de acoso.

A persoa que fai a instrución ten que facer un informe final
con toda a información que recolleu sobre o caso
e as accións que fixo para recoller esa información.

Paso 3. Decisión da Comisión sobre a situación de acoso

A Comisión contra o acoso sexual e o acoso por razón de sexo revisa o informe da persoa que recolleu a información sobre a situación de acoso e toma unha decisión sobre a situación de acoso.

A Comisión ten un prazo de 5 días hábiles para enviar a súa decisión á reitora ou reitor da Universidade de Vigo desde o día que recibe o informe.

A Comisión ten que enviar a súa decisión á reitora ou reitor da Universidade e a reitora ou o reitor toma a decisión final.

A Comisión pode tomar diferentes decisións:

- A Comisión decide propoñer archivar a denuncia porque non existen probas claras da situación de acoso. Archivar a denuncia é pechar a denuncia e non facer nada máis.

A Comisión pode pedir ao reitor ou reitora que abra un expediente disciplinario á persoa denunciante se considera que a persoa puxo unha denuncia falsa para facer dano.

Un expediente disciplinario é un procedemento que fai a Universidade de Vigo para investigar se unha persoa da universidade fai algo mal e decidir un castigo.

- A Comisión decide propoñer archivar a denuncia porque a denuncia non é unha situación de acoso sexual ou acoso por razón de sexo.

A Comisión pode pedir ao reitor ou reitora que abra un procedemento de información reservada á persoa denunciada se considera que o comportamento denunciado non cumpre outras normas ou leis.

O procedemento de información reservada é un procedemento que fai a Universidade de Vigo para analizar o comportamento dunha persoa e decidir abrir un expediente disciplinario ou non.

- A Comisión decide propoñer abrir un expediente disciplinario á persoa denunciada cando considera que a situación de acoso sexual ou por razón de sexo é certa.
- Cando a persoa denunciada traballa para unha empresa contratada pola Universidade de Vigo a Comisión proponlle á reitora ou reitor que envíe o informe sobre a situación de acoso a esta empresa para que fagan as accións necesarias.

A Comisión contra o acoso sexual ou por razón de sexo tamén envía o informe da súa decisión sobre a situación de acoso á persoa vítima e a persoa denunciada.

Paso 4. Decisión da reitora ou reitor sobre a situación de acoso

A reitora ou reitor ten un prazo de 5 días hábiles dende o día que recibe o informe coa decisión da Comisión para tomar unha decisión e rematar o procedemento.

A reitora ou reitor envían a súa decisión á persoa vítima e á persoa denunciada.

A persoa vítima ou a persoa denunciada poden reclamar a decisión da reitora ou reitor.

Protección da persoa vítima no procedemento de solución dunha denuncia de acoso sexual ou por razón de sexo.

En casos de acoso grave
a Comisión contra o acoso sexual ou por razón de sexo
pode propoñer á reitora ou reitor
que realice accións para protexer a vítima.
Por exemplo, cambiar a vítima de departamento
ou cambiar o seu horario
para que non estea no mesmo lugar que a persoa denunciada.

A Comisión pode pedir a protección da vítima
en calquera momento do procedemento.

Obrigación de axudar no procedemento de solución dunha denuncia de acoso sexual ou por razón de sexo.

Todas as persoas da Universidade de Vigo
e todas as empresas e organismos contratados pola Universidade de Vigo
están obrigados a axudar á Comisión
a investigar as denuncias de acoso sexual ou por razón de sexo.

Tamén están obrigados a axudar á Unidade de Igualdade
a poñer en marcha accións para previr e eliminar
as situacións de acoso sexual ou por razón de sexo.

Arquivo do procedemento de solución dunha denuncia de acoso sexual ou por razón de sexo.

A Comisión contra o acoso sexual ou por razón de sexo pecha o procedemento para solucionar unha situación de acoso cando algunha persoa denuncia esta mesma situación no xulgado.

Normas que deben cumprir as persoas no procedemento de solución dunha denuncia de acoso sexual ou por razón de sexo.

- As persoas que realizan este procedemento deben tratar de forma correcta ás persoas implicadas na situación de acoso. Tamén deben respectar a súa intimidade.
- As persoas que realizan este procedemento deben coidar a información verbal e escrita que recollen sobre a situación de acoso. Sobre todo é moi importante que os nomes da persoa vítima e da persoa denunciada non sexan públicos.
- As persoas que realizan este procedemento están obrigadas a gardar segredo sobre toda a información e accións que realizan.
- As persoas que realizan este procedemento deben levar a cabo os pasos do procedemento no menor tempo posible.

- As persoas implicadas na situación de acoso teñen dereito a ser escoitadas e a presentar a información e as probas que queiran.
- Calquera persoa pode presentar no xulgado unha denuncia da mesma situación de acoso que investiga a Comisión contra o acoso sexual ou por razón de sexo.
- As persoas que realizan este procedemento protexerán ás persoas que presentan unha denuncia e as testemuñas para que non teñan problemas por informar dunha situación de acoso.
- Calquera persoa da Universidade de Vigo pode pedir información sobre o procedemento para solucionar situacións de acoso sexual ou acoso por razón de sexo.

Calquera persoa pode pedir información sobre o procedemento de 3 maneiras:

- Pode pedir a información á Unidade de Igualdade.
- Pode pedir a información á persoa encargada da igualdade no seu centro.
- Pode pedir a información a través do punto lila virtual.

O punto lila virtual é unha páxina web da Universidade de Vigo para recoller consultas e queixas de acoso sexual e acoso de razón de sexo que pasan na universidade.

Neste enlace podes entrar no punto lila virtual.

[Contra las violencias machistas | Universidade de Vigo](#)

- A Unidade de Igualdade
empeza un procedemento de solución dunha situación de acoso
cando recibe unha denuncia.

Cando unha persoa informa dunha situación de acoso
ao seu superior ou a persoa encargada de igualdade no seu centro
pero non quere que a información chegue a Unidade de Igualdade
a Unidade de Igualdade non empeza o procedemento.

Neste caso, a Unidade de Igualdade
só anota esta información e informa á reitora ou reitor.

Anexo 1.

Denuncia dunha situación de acoso sexual ou acoso por razón de sexo

Escribe os teus datos:

Nome e apelidos:.....

Número de DNI:.....

Sitio onde vives:.....

Teléfono:.....

Correo electrónico:.....

Marca cun X a túa relación coa Universidade de Vigo:

- Son estudante da Universidade de Vigo.
- Son persoal docente ou investigador da Universidade de Vigo.
- Son persoal técnico de xestión e de administración e servizo da Universidade de Vigo.
- Traballo para unha empresa contratada pola Universidade de Vigo.

Marca cun X a túa posición na situación de acoso:

- Son a persoa vítima do acoso.
- Son a persoa responsable da persoa vítima.
- Son a persoa responsable da persoa denunciada.
- Son unha testemuña.
Unha testemuña
é unha persoa que está presente nunha situación de acoso,
pero non é a vítima do acoso, nin a persoa denunciada de acoso.

O acoso sexual sucede
cando unha persoa fai dano a outra persoa
con palabras, xestos ou comportamentos sexuais.

O acoso sexual tamén sucede
cando a persoa quere facer dano con estes comportamentos
pero non o consegue.

O acoso por razón de sexo
sucede cando unha persoa fai dano a outra persoa
por ser muller ou por ser home.

O acoso por razón de sexo tamén sucede
cando a persoa quere facer dano a outra persoa
por ser muller ou home
pero non o consegue.

Marca cun X o tipo de acoso que denuncias:

- Acoso Sexual.
- Acoso por razón de sexo.
- Non sabes o tipo de acoso que é.

Con este documento solicito
que a Universidade de Vigo poña en marcha o seu procedemento para
solucionar unha situación de acoso sexual
ou acoso por razón de sexo.

Este procedemento está recollido no Protocolo de prevención e acción
fronte o acoso sexual e o acoso por razón de sexo
da Universidade de Vigo.

Este Protocolo foi aprobado pola Universidade de Vigo
o día 26 de maio do ano 2025.

Lugar:.....

Fecha:.....

Firma: